

Procedementos a seguir para a elaboración/depósito da tese de doutoramento

Esta entrada da Wiki pretende ser un punto onde resolver as dúbidas que se adoitan presentar durante o período de escritura/depósito da tese de doutoramento. **Actualmente en elaboración.**

Formato

Para a publicación da tese empregárase a plantilla do CiTIUS, dispoñible para descarga no [Repositorio Gitlab](#).

Documentación a aportar para o depósito da tese no DEC

O depósito da tese debe facerse ante a secretaría do Departamento de Electrónica e Computación, actualmente na ETSE. A documentación a achegar no momento do depósito é a seguinte:

Documentación básica

- Formulario T50 cumprimentado polo/a doutorando/a. Ligazóns: [Formato .doc](#) ou [Formato .odt](#)
- Exemplar en formato papel da tese (2 copias).
- CD/DVD ou Memoria USB que conteña os seguintes PDFs:
 - Exemplar da tese.
 - Curriculum vitae.
 - Documento coa relación de publicacións, patentes, capítulos en libros etc. que culminaron na elaboración da tese.
 - Formulario para inclusión no repositorio Minerva. Este documento é un PDF que hai que editar. [Ligazón](#)
 - Resumo dun máximo de 4000 caracteres no idioma da tese.
- Curriculum vitae (3 copias).
- Documento coa relación de publicacións, patentes, capítulos en libros etc. que culminaron na elaboración da tese.
- Formulario de autorización, ou de non autorización, da difusión do exemplar electrónico da tese a través da aplicación do Ministerio "Teseo" (3 copias). Ligazón autorización: [Formato .odt](#) ou [Formato .doc](#). Ligazón non autorización: [Formato .odt](#) ou [Formato .doc](#)

Caso da mención internacional

- Certificación acreditativa dunha estadía mínima de 3 meses nun centro de investigación ou de educación superior dun país distinto de España.
- Copia da autorización da realización da estadía por parte da Comisión Académica do Programa

de Doutoramento (CAPD), avalada polo director/es da tese. Este documento xúntao a secretaría do Departamento no momento do depósito.

- Informe favorable da tese por dous expertos doutores pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación non española. Ligazón: [Formato .odt](#) ou [Formato .doc](#)

Caso de presentación por compendio de artigos

- No CD/DVD ou Memoria USB mencionada no apartado de documentación básica, deberase incluír ademais outro PDF do exemplar da tese onde se eliminen os artigos publicados e se indiquen as ligazóns onde consúltalos.
- Informe do/s director/s da tese sobre a idoneidade da presentación da tese neste formato. Está incluído na plantilla da tese, é dicir, vai no documento da tese.
- Aceptación por escrito das persoas coautoras doutoras de que o doutorando presente o traballo como parte da tese. Estes documentos poden ser substituídos por unha declaración responsable do/s director/es da tese, que tamén está incluída na plantilla.
- Renuncia por escrito das persoas coautoras non doutoras á presentación dos traballos como parte doutra tese de doutoramento.

From:

<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:

<https://wiki.citius.usc.es/inv:teses>

Last update: **2018/09/20 10:35**

